

6ª QUENDA PRIMEIRO

LINGUA E LITERATURA

1. Texto

“VELLA: (Colléndolle as mans ilusionada) Ai, como me gusta oírte falar, parece Gaioso o de Luar. Que labia tes, cacho morro gastas. E iso que de pequeno eras moi paponciño, todos os nenos do lugar rían de ti por caguíñas e as nenas por zoupón. Pero xa vexo que andas feito un home, que orgullosa estou do meu sobriñiño.

POLOLO: Arre oh, que anel máis bonito ten. Cacho pedra. Isto debe valer un pastón. A ver, a ver.

VELLA: Quita, quita, que non sae, está moi xusto. Xa me acorda que tamén eras moi interesado e comenciado. Este anel era de miña nai. Aos meus irmáns, o teu pai e a nai adela deixáronlles tamén algún recordo, pero eles vendéronos.

POLOLO: Ai, si, tiña querida. (facendo xestos asasinados cun penico)

VELLA: Ti non vaias ter tamén o corazón tan negro coma eles.

POLOLO: Descoide tiña, que farei co que me deixe o mesmo que hei facer con vostede (dálle unha patada á mesa de noite)

VELLA: Meu bonitiño, meu cachiruliño. Meu parruliño feo.

Os vosos pais marcharon e nunca se lles acordou isto, nada máis reclamaban cartiños, cartiños, e nin por aquí quixeron vir cando morreron os nosos pais, os vosos avoíños. Non lles importaba que os cartos cheirasen a gando. Como isto era unha aldea...

POLOLO: Ui, pero hoxe xa non o é. co que medrou a cidade cara aquí, hoxe isto xa é zona residencial. Esta finca, estas propiedades todas deben valer...(saca unha calculadora)

VELLA: Puñetas! Deben valer puñetas. O que che pasan en herdo é para ti, pero tamén ti es para el. Tenche que ser de proveito, pero ti tamén lles debes aproveitar, para pasalo logo aumentado e mellorado aos teus fillos, comprendíchelo?”

Suso de Toro: “Unha rosa é unha rosa”

- A que xénero literario pertence o texto? Xustifica a resposta.
 - Quen son os personaxes e que tipo de relación se establece entre eles?
 - Que sentimentos ten un cara o outro?
 - Localiza as **anotacións** e indica que tipo de información ofrecen.
- Sinala o suxeito destas oracións e di de que unidade se trata:
 - Por aquel tempo Luciano tiña unha bicicleta do trinque.
 - Agora penso eu nos momentos que pasábamos xuntos.
 - Alí estábamos nós coas mochilas ás costas.
 - Os lobos son animais pacíficos.
 - Presentou onte a súa colección de roupa.
 - Mateo conseguiu o primeiro posto na proba de salto.
 - Define coas túas palabras os seguintes termos relacionados co medio ambiente:

reciclar –residuos-sostible-biodegradable-ecosistema

4. Forma o plural das seguintes palabras

caracol	téxtil
animal	xenial
útil	col
fácil	ril
terminal	sol
mol	mandil
funil	candil

5. Substitúe os artigos determinados por indeterminados. Que cambios de significado se producen?

- Os alumnos do instituto asistiron á representación teatral.
- Nos arquivos están gardados os documentos da época.
- Os gardas prenderon o home por conducir bébedo.
- A rapaza agachouse tras do muro para que non a visen.

6. Escribe unha redacción de 12 liñas na que empregues como mínimo 15 termos do léxico do *deporte*.